

A NOSA TRADICIÓN ORAL 7

O CONTO DE MILMAÑAS

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0009_006B_en_0_11_35_id676_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0009_006B_en_0_11_35_id676.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 1994-1995

LOCALIZACIÓN:

Lugar: A Torre
Parroquia: Estacas
Concello: Cuntis
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Guerra Casal, Manuela
Idade no momento da recollida: 70 anos
Lugar e data de nacemento: ca. 1924
Profesión: labrega

RECOLLEDORAS: Diana e Sonia (alumnas C.P. Don Aurelio, Cuntis)

COMPILADORES: Duran Vázquez, Luz Dolores; Torres Guerra, José Luis e Vilas Castelo, Ramón (profesores)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudio, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Outra transcripción en: *Escolma: C.Moral-14*. Páx. 7. Realizada por: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

CLASIFICACIÓN: Contos de animais

PALABRAS CHAVE

conto, raposo, milmañas, animais

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Era un raposo e un ghatto e xuntáronse nun camiño, nunha carballeira os dous e preguntoullo raposo ó ghatto:

- *Oes, compañeiro, e ti cantas mañas sabes?*
- *Oi..., eu sei mil, buf!*
- *Pois espera. Sentamos aquí e imos contalas mañas que sabemos.*

E di:

- *E logho, ti como fas se che vén por aí un can?*
- *Oe, carallo! Eu subo arriba dun carballo e méxolle nos ollos.*

E díxolle o raposo:

- *Ai, pois eu se vén por aí un can métome, boto á escada (?) e métome nun burato.*

E ca mirma vén un can. O raposo estáballe facendo nos zocos ó ghatto e o ghatto, ras!, ras!... e tirounos e arriba do carballo. E o can marchou a escape detrás do raposo. Pero no medio do camiño colleuno e veu de volta p'atrás o raposo, o... o can, e deixou o ghatto e foi en busca do raposo e díxolle:

- *Oes? Ola, Milmañas: ris ou arreghañas?*

Porque estaba cos dentes todos arreghañados, carallo!.